

8
marzo

FOLGA ESTUDANTIL FEMINISTA

**A VIOLENCIA
MACHISTA
tamén é unha
PANDEMIA!**

Fóra das nosas aulas!



12h • ACCIÓNS DE PROTESTA
(Consulta tódalas actualizacións nas nosas webs)



www.libresycombativas.net
www.sindicatodeestudiantes.net

A moitas de nós, a pandemia e a crise sanitaria, os recortes sociais ou a falta de espazos para o estudo sometéronnos a unha opresión aínda maior. Agora vémonos en moitos casos obrigadas a vivir cos nosos maltratadores e ser expostas a unha violencia física e psicolóxica máis sistemática e cotiá.

Os datos son claros. Desde 2010 no Estado español foron asasinadas por violencia machista a arrepiante cifra de 1.176 mulleres. En 2020 foron 83. Baixo a pandemia e o confinamento o consumo de pornografía disparouse a niveis asombrosos, as mulleres vítimas do tráfico de persoas e da explotación sexual seguiron extorsionadas nos bordes e a xustiza patriarcal aproveitou para continuar rebaixando penas e deixando en liberdade a violadores. E por se todo isto fose pouco, a patronal, a dereita e quen se fai de ouro á conta da nosa explotación, seguiron atacando os nosos dereitos: despedíronnos, recortaron os salarios, condenáronnos ás ringleiras da fame ou a pasar frío nos nosos fogares.

Sobran os motivos para que a loita continúe con máis forza. Nestes anos protagonizamos folgas feministas históricas e por iso non imos permitir que se retroceda nin un milímetro na batalla contra a nosa opresión. A mocidade estudantil seguiremos xogando un papel moi destacado nela.

**Os dereitos conquístanse loitando.
Todas e todos á folga o 8 de marzo!**

A batalla que libramos contra os Gobiernos reaccionarios do PP, e contra a ultradereita fascista e machista de Vox, encheunos de confianza. Pero non podemos baixar a garda. Eramos moitas e moitos quen pensaba que co Goberno PSOE-UP as cousas cambiarían. Mais, desgraciadamente, ata o de agora houbo moitas palabras e moi poucos feitos. O movemento feminista e a mocidade temos a obriga de dicir alto e claro a este Goberno: Así non! Fai falta moito máis!

Sabemos que a única maneira de acabar coa opresión, conquistar a verdadeira igualdade e poñer fin a tanto sufrimento é loitando contra o sistema que o provoca: o capitalismo. E iso comeza por enfrontarse a quen nos quere submisas e caladas, depurando a xudicatura, a policía e o aparello do Estado de machistas e fascistas. É poñendo en marcha dunha vez por todas a igualdade salarial, o dereito a unha vivenda pública digna, a un posto de traballo decente ou a un subsidio de desemprego de 1.200 euros ao mes que nos permita escapar da miseria e a violencia. É implantando unha materia de educación sexual inclusiva nos nosos centros e acabar co vergoñoso poder que ten a Igrexa católica no sistema educativo.

Este ano a mocidade feminista levantamos a bandeira do 8 de marzo aínda con máis determinación. Desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudiantes chamamos a todas e todos os estudantes á folga xeral e a participar nas accións de protesta das 12h. A nosa loita, como a das nosas irmás en Arxentina, en Polonia e en todo o mundo, non se detén.